



Actividade Disposicións normativas

Procedemento Disposicións normativas (Aprobación, Modificación ou Derogación)

Código SIA 2475277

Expediente 612/2025.- Regulamento do Consello de saúde e Benestar social de Mugardos

Trámite Publicación.- Anuncio apertura fase consulta pública

ANUNCIO

Iniciado mediante Resolución de Alcaldía núm. 2025-0749, de 17 de xuño de 2025 o procedemento para a **elaboración do Regulamento do Consello Municipal de Saúde e Benestar Social** do Concello de Mugardos, procédese a realizar fase de **consulta pública durante dez días hábiles**, durante os cales poderanse remitir cantas suxerencias ou achegas se estimen oportunas a través da sede electrónica do concello do enderezo <https://mugardos.sedelectronica.gal/info.0> , ou na oficina de asistencia en materia de Rexistro en avda de Galicia, 45, Mugardos:

Problemas que se pretenden solucionar coa norma	Canalizar as inquietudes e demandas veciñais en materia de saúde e benestar social, promovendo un espacio colaborativo multinivel.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación	Reforzar os procesos de elaboración e implementación de políticas públicas en materia de saúde e benestar social
Obxetivos da norma	- Promover a participación social e da veciñanza en materia de saúde e benestar. - Fomentar espazos de debate para identificar necesidades da veciñanza. - Promover a colaboración entre entidades locais, o Concello e a Xunta de Galicia. - Asesorar no deseño de políticas públicas municipais en saúde e benestar. - Realizar labores de información e sensibilización en saúde e no uso dos servizos públicos.
Posible solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	Presentación de queixas e suxestións.



Rematado o prazo procederase á avaliación das achegas realizadas na fase de redacción de proxecto de Regulamento tras a cal tramitarase a fase de participación e audiencia pública, dando conta do resultado da fase previa de consulta; achegas admitidas e rexeitadas e do texto do proxecto formado.

Mugardos, á data da sinatura dixital á marxe.

O Alcalde,

Juan Domingo de Deus Fonticoba

